



# XOVES

*I+D+i*

Estimados/as amigos/as:

O **Consello da Xunta de Galicia** de hoxe anunciou a posta en marcha dos **Instrumentos Financeiros Innovadores (IFIs)**, enmarcados no Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, a través dos que se prevé mobilizar **60 millóns de euros** en investimentos de **pemes galegas** en máis de **100 proxectos** desenvolvidos no ámbito da Industria 4.0, iniciativas impulsadas por **novos emprendedores e proxectos innovadores**. Esta medida está dotada con **33 millóns de euros**, cofinanciada nun 80% con fondos Feder.

A **Axencia Galega de Innovación (Gain)**, en virtude do Acordo de Financiamento asinado co **Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)** e a **Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos**, **impulsará os préstamos IFI INNOVA**, unha liña de financiamento creada co obxectivo específico de intensificar o apoio ás microempresas, pequenas e medianas empresas galegas no financiamento de novos proxectos innovadores.

A través dos IFI INNOVA apoiaranse **proxectos de I+D+i**, aliñados coas prioridades e obxectivos da RIS3 para Galicia, especialmente de base tecnolóxica, e que teñan como obxectivo **mellorar a posición competitiva da empresa**. Os proxectos de I+D+i deberán estar encadrados nos TRL (Technology Readiness Levels) 5 ao 9, referidos ao nivel de madurez dunha tecnoloxía.

O importe dos préstamos estará **entre os 50.000 e os 500.000 euros**, cubrindo **ata o 70% do custo financiable** (os proxectos deberán ter un orzamento mínimo de 71.500 euros), cun prazo de **amortización máximo de 12 anos** con carencia de ata 4 anos. O tipo de xuro será fixo a determinar no momento da concesión en base ao Euribor + 0,10%, polo que co Euribor actual saíría a tipo 0%, ata esgotar o límite de axudas en mínimos da empresa. Ademais, espérase conseguir que o financiamento das entidades financeiras privadas cubra o importe restante de entre o 25 e o 40% dos investimentos apoiados.

Nos vindeiros días publicaranse no Diario Oficial de Galicia as Bases Reguladoras e a súa convocatoria, abríndose o prazo para presentar solicitudes dende a súa publicación ata o **31 de decembro de 2018**. Na [páxina web de Gain \(IFI INNOVA\)](#) está dispoñible toda a información deste instrumento, incluída unha Guía Práctica onde se inclúen os requisitos, as condicións e as instrucións para a tramitación das solicitudes. Ademais, o **venres 6 de outubro ás 10:00 h** no salón de actos do Mupega (San Lázaro, 107), en Santiago de Compostela, desenvolveremos unha **xornada técnica informativa sobre todos os Instrumentos Financeiros Innovadores (IFIs)**.

Os interesados en participar neste xornada técnica xa poden rexistrar a súa inscrición no enderezo: [comunicacion@igape.es](mailto:comunicacion@igape.es). Podedes obter máis información sobre os IFI INNOVA connosco nos teléfonos 881 999 471 e 981 54 10 76 e no enderezo electrónico [servizos.gain@xunta.gal](mailto:servizos.gain@xunta.gal).

Agardamos que esta información sexa do voso interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#). Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).

---

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS  
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

